



MESTRADO UNIVERSITARIO EN DIRECCIÓN, XESTIÓN E INNOVACIÓN DE INSTITUCIÓN ESCOLARES E SOCIOEDUCATIVAS

PERFIL DO TÍTULO

O Mestrado Universitario en Dirección, Xestión e Innovación de Institucións Escolares e Socioeducativas, é un mestrado da Universidade da Coruña (UDC) que cobre novas necesidades formativas derivadas das transformacións educativas do proceso de implantación da LOMCE, así como da necesidade de fomentar culturas profesionais críticas e emprendedoras no ámbito socioeducativo, desde o compromiso coa mellora en tarefas directivas e innovadoras na xestión en consonancia coas demandas organizacionais e sociais dunha sociedade plural e complexa.

Estrutúrase en dúas especialidades: unha dirixida a formar profesionais directivos/as para o sistema educativo que poidan cumprir os requisitos que establece a LOMCE, e a outra para complementar a formación de profesionais do ámbito socioeducativo que desempeñaron ou están a desempeñar na actualidade tarefas directivas; co obxectivo de que se especialicen en tarefas de xestión, dirección e innovación, á vez que se daría continuidade á súa formación académica e investigadora.

*Innovación e
compromiso social*

OBXECTIVOS

O mestrado pretende dar resposta á gran demanda existente sobre a necesidade de formar dun modo rigoroso a aqueles/as profesionais que se dedicarán ás funcións de xestión e dirección en centros e institucións socioeducativas.

Configúrase, fundamentalmente, aínda que non con carácter exclusivo, como unha especialización dos graos que se imparten na Facultade de Ciencias da Educación da UDC.

Así mesmo, permitirá o acceso a diferentes programas de doutoramento ofrecidos por este e outros centros da nosa universidade, o que lle permitirá ao estudantado, se así o considera, acadar a súa máis alta cualificación académica dentro da súa facultade de entrada a través do Programa Oficial de Doutoramento en Equidade e Innovación en Educación.

A QUEN VAI DIRIXIDO?

Preferentemente mestres de educación infantil e primaria, educadores/as sociais, e profesionais do ámbito educativo.

MÁIS INFORMACIÓN

Coordinadora: Eva María Espiñeira Bellón
mestrado.dixin@udc.gal
Facultade de Ciencias da Educación
http://www.educacion.udc.es/index.php?pagina=table&id_titulacion=600

PLAN DE ESTUDOS

MÓDULO COMÚN (27 créditos – 1.º cuadrimestre)

Liderado e Dirección de Institucións Educativas

Convivencia. Mediación e Resolución de Conflictos

Investigación-Acción e Innovación

Modelos de Xestión de Calidade

Tratamento da Información na Xestión e Avaliación das Institucións

Institucións e Axentes na Comunidade: Acción Socioeducativa na Sociedade Rede

ESPECIALIDADE ESCOLAR (21 créditos – 2.º cuadrimestre)

Deseño de Proxectos Educativos de Centro

Avaliación de Recursos e Materiais Didácticos

Formación Docente e Comunidades de Aprendizaxe

Proxectos TIC para a Innovación Educativa

Xestión de Recursos Humanos

ESPECIALIDADE SOCIOEDUCATIVA (21 créditos – 2.º cuadrimestre)

Xestión e Innovación das Institucións Socioeducativas

Planificación Estratéxica e Cultura Participativa

Valores. Igualdade e Cultura da Mediación en Contextos Socioeducativos

Proxectos e Informes de Investigación

Instrumentos para a Avaliación de Programas e Servizos

PRACTICUM (6 créditos – 2.º cuadrimestre)

TRABALLO DE FIN DE MESTRADO (6 créditos)

PREINSCRICIÓN 2017 (prazas limitadas)

1. PRIMEIRO PRAZO (xuño-xullo 2017)

- Preinscrición: do 23 de xuño ao 13 de xullo
- Matrícula: do 1 ao 31 de agosto

2. SEGUNDO PRAZO (agosto-setembro 2017)

- Preinscrición: do 14 ao 21 de agosto
- Matrícula: do 13 ao 18 de setembro

3. TERCEIRO PRAZO (setembro-outubro 2017): só se quedan vacantes

- Preinscrición: do 19 ao 27 de setembro
- Matrícula: do 10 ao 19 de outubro

